

Rematado o primeiro centro de investigación sobre produción láctea da provincia de Lugo



Contribuír á mellora e ao impulso do sector é o obxectivo fundamental da Granxa Experimental de Leite do Campus Terra, que desenvolverá accións científicas e formativas a cargo de investigadores, docentes e estudantes sempre en directa colaboración cos gandeiros e as súas problemáticas.

Impulsada e promovida pola Deputación de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela, a Granxa Experimental de Leite do Campus Terra foi construída pola empresa Copcisa e contou con 2 millóns de euros de investimento, dos que o organismo provincial achegou 1,3 millóns e a Universidade, 750.000 euros.



Francisco Fernández, xefe de obra

A actuación levouse a cabo no centro de Matoso, pertencente ao municipio lucense de Castro de Rei, moi próximo ás instalacións da Granxa Gayoso Castro. Na finca, dunhas 30 hectáreas,



construíronse cinco estruturas diferenciadas que suman en total uns 4.400 m².

Tras a finalización das obras no mes de outubro, falamos co xefe de obra, Francisco Fernández Valiña, quen nos fixo recuento de todos os traballos realizados: "Construímos unha nave para o gando de 2.600 m², un edificio de prácticas de 380 m², unha nave para a maquinaria de 320 m², dúas trincheiras para silos de 36 m x 16 m e dúas fosas para xurros e augas residuais de 560 m²".

A nave do gando conta cun corredor de alimentación con 112 cornadizas, 87 cubículos, unha sala de muxido para análises e consultas sobre os animais, un robot de muxido, oficina, sala de máquinas, leitería e uns vestiarios con aseos, ademais dunha zona de miradoiro para os alumnos e as visitas que poida haber. "A nave levantouse sobre estrutura prefabricada de formigón e a cuberta é panel agro, especial para este tipo de instalacións, xa que leva unha lámina de polietileno para absorber os gases emitidos polos animais". Esta parte dispón de tres cepillos rascadores, oito bebedoiros e arrobadeiras nos corredores para a

limpeza, todas elas dirixidas cara a un canal que comunica coas fosas.

O edificio de prácticas conta cunha zona de laboratorio, unha aula ampla que mesmo se pode dividir en dúas, un despacho, sala de máquinas e dous vestiarios completos. A nave de maquinaria sectorizouse en oito garaxes, cada un diferenciado pola súa porta, e unha zona de lavadoiro. Os dous silos son de formigón prefabricado e cada un ten 8 m libres no seu interior por 2,80 m de alto. A maiores, segundo conta Fernández Valiña, "instalouse un sistema de recollida de augas pluviais e separativas dos lixiviados dos silos. Cáptanse para un pozo de drenaxe, o cal está conectado cun dos vasos da fosa, coa idea de aproveitar esas augas. Podería utilizarse unha fosa para os xurros e outra para a auga ou as dúas para xurros, segundo faga falta".

Ao longo de todo o proceso de construción deste proxecto foron 57 os profesionais de Copcisa os que formaron parte do equipo de traballo e en total pasaron polas diferentes etapas da obra uns 150 traballadores de diversas empresas.



copcisa

Delegación de Galicia - Rúa Cabana nº5, 1º - 15006 - A Coruña

Tel. 981 136 687 / Fax 981 298 339

✉ galicia@copcisa.com

📍 COPCISAGalicia

🐦 @COPCISA_gal



Edificio de prácticas



Nave de maquinaria

ENTREVISTA

“Será un apoio importante para mellorar a competitividade das explotacións e que sexan máis sostibles”

Cales foron os obxectivos por parte da Deputación con este proxecto?

Na Deputación de Lugo temos un compromiso claro e firme co sector primario porque é un dos principais motores económicos da nosa provincia e, polo tanto, un factor chave para xerar emprego e fixar poboación, sobre todo no rural. Coa Granxa Experimental de Leite queremos contribuír a que as explotacións leiteiras da nosa provincia sexan máis rendibles e sostibles. E que-remos facelo a través da investigación e a innovación, aproveitando o gran potencial humano que temos no Campus Terra, onde o 25 % dos seus grupos de investi-gación están relacionados coa produción láctea.

Que parte do investimento correu a cargo da Deputación?

O investimento necesario para construír este centro é de 2 millóns de euros, dos cales a Deputación achega o 65 %, 1,3 millóns, e a Universidade de Santiago de Com-postela, 750.000 €.

Que necesidades do sector se van cubrir con este centro?

Este será o primeiro centro de investigación sobre o sector lácteo da provincia. Cremos que o seu labor servirá para afrontar retos importantes como aumentar o valor do produto ou reducir os custos de produción, e, polo tanto, axudará a facer máis competitivas e sosti-bles as explotacións.

Con que instalacións conta o proxecto?

Contará con 5 estruturas, dun total de 4.400 metros cadrados. Haberá unha nave para gando de leite, que acollerá unhas 70 vacas en produción e 17 secas, unha nave de maquinaria, un edificio de prácticas habilitado para 40 alumnos e 20 investigadores, unha fosa de xu-rroo e dous silos de formigón.

Por que se escolleu esta localización?

Trátase de aproveitar sinerxías para poñelas a dispo-sición do impulso do sector. Na Granxa Gayoso Castro vimos desenvolvendo xa dende hai anos un importan-te labor para potenciar o gando vacún de carne e cre-mos polo tanto que estas instalacións provinciais eran a mellor localización para esta nova actividade vincu-lada ao vacún de leite.



José Tomé, presidente da Deputación de Lugo

Como vai ser a súa evolución?

A previsión é que as instalacións poidan entrar en fun-cionamento a principios de ano. Logo será o momento de avaliar o servizo.

En canto a innovación, con que tipo de tecnoloxía contará o centro?

A posta en marcha deste proxecto converterá ás ins-talacións nun referente en innovación para o sector. A granxa contará cun robot de muxidura de última xe-ración con distinto equipamento que permitirá medir múltiples parámetros, como os tempos de descanso e de alimentación dos animais ou o nivel de células somáticas. A granxa permite a combinación do robot de muxidura co pastoreo, un sistema que diminúe os custos e valoriza o leite, pouco común en Galicia, pero si estendido noutros lugares de Europa.

Que tipo de proxectos e traballos desenvolverá a Uni-versidade?

A Granxa Experimental de Leite cubrirá unha parte im-portante das prácticas da Facultade de Veterinaria e da Escola Politécnica. O profesorado e alumnos poderán realizar prácticas de diferentes materias de veterinaria, enxeñería agrícola e alimentaria, máster de enxeñería agrónoma e máster de produción de leite cun enfoque máis profesional e práctico en aspectos como manexo sanitario, podoloxía, alimentación, benestar, calidade do leite ou produción agraria. Ademais, os investigadores ou estudantes poderán desenvolver nestas instalacións os seus proxectos e, unha vez constatado o seu éxito, apli-calos nas propias explotacións lácteas que así o desexen. Trátase de aproveitar ao máximo os coñecementos xera-dos no Campus Terra e transferirlos ao sector.

Como repercutirá esta iniciativa no sector?

Como dicía, cremos que será un apoio importante para mellorar a competitividade das explotacións e que se-xan máis sostibles, ademais de mellorar a calidade de vida dos gandeiros e gandeiras, grazas á aplicación das investigacións da Universidade sobre o propio terreo.

ENTREVISTA

“Xorde da necesidade de ter unha granxa de vacún de leite para a investigación e as prácticas dos alumnos e alumnas da Universidade”

Como xurdiu a creación deste centro?

O proxecto da Granxa Experimental naceu un pouqui-ño antes de chegar nós ao equipo de goberno, en 2017; pero as decisións construtivas e mais executivas de todo fixéronse dende maio de 2018, cando entramos nós no equipo.

Xorde da necesidade de ter unha granxa de vacún de leite para a investigación e as prácticas dos alumnos e alumnas da Universidade, das titulacións máis vincula-das aos sectores agrario e gandeiro como as imparti-das na Facultade de Veterinaria e na Escola Politécnica Superior de Enxeñería. É esencial coñecer de primeira man o funcionamento dunha granxa moderna de pro-dución de leite, unha *smart farm* das que tanto se fala hoxe en día. Será unha granxa con sistema de pastoreo, na que se lles vai dar prioridade á saúde dos animais e a unha alimentación de calidade.

O proxecto levouse adiante en colaboración coa Depu-tación de Lugo. É esta entidade quen achega os terreos e a case totalidade do financiamento.

Que parte do investimento correu a cargo da Uni-versidade?

A Deputación foi quen proporcionou o diñeiro para to-das as obras, a nosa achega foi para o robot de muxido, que ten unha importancia relevante para conseguir ese obxectivo de ser unha granxa intelixente.

Como se vai xestionar a Granxa?

A gobernanza desta Granxa depende dunha Comisión de Seguimento na que hai representantes da Deputa-ción –o presidente, o deputado da Área de Recursos Sos-tibles, o director da Granxa Provincial Gayoso Castro e dous técnicos asesores– e da Universidade de Santiago de Compostela –o decano da Facultade de Veterinaria, o director da Escola Politécnica Superior de Enxeñería, dous técnicos asesores e eu mesma como vicerreitora de Coordinación do Campus Terra de Lugo–. Ademais, tamén se nomeou unha Comisión Asesora Externa cos expertos Jacinto Ramos, José Ángel Salvatierra e Fran-



Montserrat Valcárcel, vicerreitora de Coordinación do Campus Terra

cisco Sineiro, tres grandes referencias para o sector do vacún de leite en Galicia.

Así mesmo contaremos, tras a posta en marcha do proxecto, cunha Comisión de Traballo, da que van for-mar parte o futuro xestor da granxa, que se contrata-rá desde a Universidade, e o director de Gayoso Castro, pois a coordinación entre os dous será clave para todo o funcionamento interno de ambos centros, e cunha Co-misión de Prácticas de Investigación, con profesores da Facultade de Veterinaria e da EPSE.

Finalmente, constitúíranse catro grupos de traballo: de coordinación con centros de investigación, docencia, transferencia ao sector e transferencia na contorna. Esta é a estrutura de gobernanza que se prevé para esta Granxa Experimental de Leite.

En canto á innovación, con que tipo de tecnoloxía contará o centro?

O principal vai ser o robot de muxido e a súa combi-nación co sistema de pastoreo. Vaise poder facer unha avaliación en todo momento do estado dos animais e da calidade do leite grazas á tecnoloxía do robot.

Como cre que aproveitará o sector o traballo aquí realizado?

En canto á formación dos futuros profesionais, vai ser moi importante que nunha granxa de produción pro-pia poidamos facer seguimento total das prácticas dos alumnos.

A idea é lograr ser unha referencia para o sector, que manifesten as demandas que teñan e que sexa un centro aberto no que se poida recibir calquera dúbida. A transferencia de información ao sector vai ser un pilar básico desta granxa. Queremos dar formación tamén a gandeiros e establecer convenios con outros centros de FP para que poidan sacarlle rendemento.

copcisa

Delegación de Galicia - Rúa Cabana nº5, 1º - 15006 - A Coruña

Tel. 981 136 687 / Fax 981 298 339

✉ galicia@copcisa.com

📍 COPCISAGalicia

🐦 @COPCISA_gal